

<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIRYI0K3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 28-03-14 10:04

Ámbito

**MODIFICACIÓN DAS NORMAS DE
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS**

CONCELLERIA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

15078DCIRYI0K30

² 15078DCIRYI0K30 : »

² 15078DCIRYI0K30 : »

DECRETO.- Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2014

1. Por Decreto de 25 de novembro de 2.013, o Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade aproba as normas que rexirán nas autorizacións da celebración de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares; dándose conta deste acordo na Xunta de Goberno Local de 28 de novembro.

2.- O Anexo II, destas normas contén os Prazos para a tramitación das autorizacións relativas ás distintas actividades artísticas.

O desenvolvemento e execución das normas correspondentes ás actividades artísticas e especialmente a aplicación das determinacións contidas nas mesmas as actividades musicais, ten posto en evidencia que os prazos de que dispón a ponencia asesora para o estudo, valoración e proposta de adjudicación de postos as distintas solicitudes e escaso e insuficiente, se o que estase a plantexar é a realización dunha proba de talento ós posibles aspirantes, unha vez descartados aqueles que non reúnen o pérfil idóneo para a actividade. En base a estas consideracións se estudou a conveniencia de modificar o Anexo II das normas en canto ós prazos de publicación das listaxes provisionais e definitivas, engadindo asemade que somentes se procedera á publicación da listaxe definitiva no suposto de que existiese variación a respecto da provisoria elaborada, acordándose a súa nova aprobación, nos seguintes términos:

ANEXO 2.-

PAZOS PARA A TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS RELATIVAS ÁS DISTINTAS
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

Datas para o primeiro trimestre (xaneiro, febreiro e marzo):

- * Finalización do prazo de presentación de instancias: 3 de decembro ou o día hábil seguinte
- * Exposición da lista de solicitudes admitidas e de adxudicacións provisionais: 23 de decembro.
- * Exposición de lista de adxudicacións definitivas: 29 de decembro.

Datas para o segundo trimestre (abril, maio e xuño):

- * Finalización do prazo de presentación de instancias: 3 de marzo ou o día seguinte hábil.
- * Exposición da lista de solicitudes admitidas e de adxudicacións provisionais: 23 de marzo.
- * Exposición da lista de adxudicacións definitivas: 29 de marzo.

<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIRYI0K3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 28-03-14 10:04

Datas para o terceiro trimestre (xullo, agosto e setembro):

- *Finalización do prazo de presentación de instancias: 3 de xuño ou o día hábil seguinte.
- *Exposición da lista de solicitudes admitidas e de adxudicacións provisionais: 23 de xuño.
- *Exposición da lista de adxudicacións definitivas: o 29 de xuño

Datas para o cuarto trimestre (outubro, novembro e decembro):

- * Finalización do prazo de presentación de instancias: 3 de setembro ou o día hábil seguinte
- * Exposición da lista de solicitudes admitidas e de adxudicacións provisionais: 23 de setembro.
- * Exposición da lista de adxudicacións definitivas: 29 de setembro.

A listaxe definitiva non se publicará nos supostos nos que non se modifique a adxudicación provisoria.

Os aspirantes poderán ser convocados a través da páxina web e mediante anuncio exposto no taboeiro de edictos do Concello para a realización dunha proba de talento, no prazo comprendido entre a data de remate de presentación das instancias e o de adxudicación provisoria.

3.- Ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernación do goberno local e a Lei 4/2004 do 28 de xuño do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal, anteriormente sinalada, o Alcalde é competente para dictar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03, por acordo de 26 de febreiro de 2013, o Alcalde delega no concelleiro que asina a competencia que se interesa

Visto o exposto nos parágrafos anteriores; así como na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local modificada polas Lei 11/99 do 21 de abril e na Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernación do goberno local e demais normativa de aplicación, especialmente o disposto na Ordenanza Municipal de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública.

RESOLVO:

APROBAR a modificación do Anexo II das normas que rexirán nas autorizacións da celebración de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares; en base as consideracións expostas e segunda proposta recollida no punto desta resolución.

Dárase conta á Xunta de Goberno Local desta modificación que se publicará na páxina web do Concello e no taboeiro de edictos da corporación.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e ós demais negociados, seccións e servizos correspondentes.

O CONCELLEIRO-DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁN E TRÁFICO
Asdo/ Luis García Bello